Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

Traballo Investigación

"X. Filgueira Valverde"

Revisión 8

Investigando sobre Letras Galegas 2015 está en:

#letrasgalegas2015

DISPONIBLE EN Google play

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

Índice

1. FUNDAMENTACIÓN 3
1.1 Grupo de traballo 3
1.2 A exposición 3
2. IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO 5
2.1 Nivel Educativo 5
2.2 Proceso de realización e coordinación 5
2.3 Metodoloxías utilizadas 6
2.3.1 O troquelado 6
2.3.2 A prelectura e os pictogramas 6
2.3.3 O plurilingüismo 6
2.3.4 As Competencias 6
2.3.5 App de apoio e multimedia 7
3. ANATOMÍA DA EXPOSICIÓN 8
4. PROPOSTAS DE ACTIVIDADES 9
4.1 Cartel 1 9
4.2 Cartel 2 10
4.3 Cartel 3 11
4.4 Cartel 4 12
4.5 Cartel 5 13
4.6 Cartel 6 14
4.7 Cartel 7 15
4.8 Cartel 8.1 16
4.9 Cartel 8.2 17
4.10 Cartel 9 19
4.11 Cartel 10 20
5. LICENZA CREATIVE COMMONS 3.0 21

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

1. FUNDAMENTACIÓN

1.1 Grupo de traballo

O grupo de traballo "Penedos" está conformado por **docentes e alumnado** dun centro educativo de infantil e primaria, coa finalidade de interpretar e reinterpretar a vida, obra e contexto do autor X. Filgueira Valverde, **investigando sobre a práctica no traballo de aula e fuxindo de academicismos e vinculacións estritamente curriculares que dificilmente teñen impacto na aula**.

Apórtase a **visión e traballo do alumnado** fundamental para fornecer o espírito prolífico do autor e achegar a súa vida e obra a estas etapas educativas dunha maneira viva e próxima.

Con todo presentase unha **investigación centrada na acción** a cooperación e nas competencias conformada polos seguíntes contidos:

- Unha exposición en 10 carteis que identifiquen os aspectos máis salientables do investigado sobre a figura.
- Propostas didácticas e anexos centrados nas competencias segundo os principios de investigación-acción.
- Un cómic para achegar a figura do persoeiro de maneira lúdica aos rapaces de primaria.
- Unha App para fornecer o traballo multimedia e dotar de vida a investigación alén dos soportes papeis versatilizando a mesmas en diferentes idiomas.

1.2 A Investigación

A vida e obra de X. Filgueira Valverde é o fío condutor da investigación, destácanse os feitos máis salientables da mesma utilizando diferentes técnicas de tratamento e de manipulación tendo os seguintes obxectivos:

- Potenciar o estudo da obra e da época de X. Filgueira Valverde.
- Propiciar a reflexión sociolingüística sobre esta etapa histórica.
- Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas na dignificación e normalización da lingua galega.
- Impulsar a realización de actividades que fomenten a colaboración interdepartamental e que potencien a implicación activa do profesorado e do alumnado.
- Fomentar e difundir unha visión persoal por parte da comunidade educativa sobre a figura deste autor.
- Enriquecer a oferta de materiais existentes en lingua galega, e promover a súa divulgación como referentes para outros centros.

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

Como xa se comentou, a base da mesma, é o **traballo procesual** na aula (3 tipos de niveis Xograr, Segrel e Trobador) así pois as propostas didácticas aquí reflectidas teñen unha estrutura baseada nas competencias:

- Descrición do contexto do panel para comprensión do mesmo.
- Actividades vinculadas a investigación da propia figura de X. Filgueira Valverde dentro do contexto amosado.
- Actividades vinculadas á investigación e coñecemento do propio contexto.
- Actividades que fomenten as destrezas manipulativas.
- Actividades vinculadas á expresión e a oralidade.
- Onde atopar máis recursos relacionados co panel en cuestión.

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

2. IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

2.1 Nivel Educativo

A investigación – proposta didáctica aquí proxectadas están dirixidas principalmente aos centros de **educación infantil-primaria**, sen menoscabo de utilización e traballo doutras etapas/ciclos. Así pois o traballo maís manipulativo dos anexos está vencellado á etapa de infantil, os cursos 1º e 2º detácanse baixo o epígrafe "Xoglar", 3º e 4º baixo "Segrel" e 5º e 6º baixo "Trobador" fornecendo o traballo de insvestigación do noso autor.

2.2 Proceso de realización e coordinación

Ten a seguinte estrutura de distribución cos seguintes descritores de traballo e responsables abarcando toda a comunidade educativa (ciclos e departamentos):

	RESPONSABLE	DESCRICIÓN TRABALLO
1.	Dpto. Orientación	Sensibilización e adaptación do material para ANEAE.
2.	Equipo Actividades Complementarias	Propostas didácticas.
3.	Eqiupo TIC	Deseño e maquetación da proposta de exposición.
4.	Equipo dinamización da Lingua Galega	Dinamización do proxecto e posta en marcha co alumnado.
5.	Equipo de Biblioteca	Documentación e formatos didácticos.
6.	Equipo Directivo	Coordinación dos equipos e xuntanzas.
7.	2º Ciclo Educ. Infantil	Concreción propostas didáctcas na aula, manipulativas
8.	1º Ciclo Educ. Primaria (1º e 2º)	Concreción propostas didáctcas na aula "Xoglar"
9.	2º Ciclo Educ. Primaria (3º e 4º)	Concreción propostas didáctcas na aula "Segrel"
10.	3º Ciclo Educ. Primaria (5º e 6º)	Concreción propostas didáctcas na aula "Trobador"

Cunha participación total de **17 docentes e 150 alumnos/as**. O 100% do centro. Plantexouse como dinámica de traballo dende comezos do 1º trimestre do curso 2014-2015 vertebrado como proxecto transversal e posto en práctica na aula co alumnado dende a asignatura de lingua galega e educ artística (plástica e música).

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

2.3 Metodoloxías utilizadas

2.3.1 O troquelado

A exposición consta de 10 paneis realizados coa **técnica do troquelado** por ser unha técnica de vaciado que xoga cunha **terceira dimensión** no eido artístico, o fondo. Instrumentalmente utilizado dende idades temperás cos punzóns, pasando polas tesoiras ata chegar ao cúter é unha destreza manipulativa que fornece a psicomotricidade fina, a precisión e a paciencia.

A realización dos paneis conlevou un traballo de investigación na aula a cargo dos docentes/alumnado, manipulativo na realización dos paneis e de tratamento dixital na posprodución dos mesmos.

2.3.2 A prelectura e os pictogramas

Co motivo de favorecer a difusión de devanditos carteis a tódalas etapas, existen diferentes **pictogramas**[1] en cada un deles para achegar a prelectura ás idades mais temperás así como ao alumnado con necesidades de apoio específico. Así mesmo, utilízase un **tipo de letra** axeitada para a lectura de alumnos con **dislexia**

2.3.3 O plurilingüismo

Dacordo coa **perspectiva internacional do noso persoeiro** e celebración (Letras Galegas) entendemos que a nosa lingua debe equipararse a aqueloutra que fai posible unha comunicación **nun contexto europeo**. Así pois os textos dos carteis son traducidos (gravados "audios" e traducidos "textos") nos seguíntes idiomas:

- Castelán , Inglés e Francés

Coa finalidade de espallar e difundir a súa vida e obra e ser consecuentes coas políticas plurilingües derivadas da nosa Consellería de Educación.

2.3.4 As Competencias

As tarefas propostas para o traballo do alumnado en relación aos distintos carteis foron deseñadas tentando potenciar a adquisición das sete competencias clave recollidas na vixente Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (**LOMCE**):

- Comunicación Lingüística:
- Competencia matemática e ciencia e tecnoloxía:
- Comeptencia dixital:
- Aprender a aprender:
- Competencias cívico sociais:

[1] De uso libre con licenciamento creative commons 3.0 derivados do portal ARASAAC http://www.catedu.es/arasaac/

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:
- Conciencia e expresións culturais:

Partindo desdes principios presentanse unha serie de tarefas que pretenden o **traballo integrado da vida e obra do autor** dende enfoques competenciais e diversificados.

2.3.5 App de apoio e multimedia

A obra do autor, o galego, o software libre e a competencia dixital teñen como fío condutor a implementación nos carteis de códigos QR os cales dan a posibilidade de aportar información extra multimedia coa simple utilización de terminais móbiles e/ou tablets. Así pois, con ferramentas de software libre tipo "App Inventor", desenvolvese unha app[2] (só Android) para apoiar a exposición que se poderá descargar gratuitamente dende Google Play.

En devandita app poderase acceder a:

- Presentación multimedia de carteis coa investigación-interpretación da vida e obra do autor homenaxeado, así como banda deseñada para achegamento máis motivador. Con posibilidade de zoom, autopresentación, miniaturas...
- Audiocarteis en varios idiomas para poder diversificar a súa difusión: Galego, Castelán, Inglés e Francés.
- Apartado de descargas: con posibilidade de descarga en pdf e cartafol compirmido os diferentes materias da exposición, así mesmo posibilitase o envío de mencionada documentación por mensaxería, mail...
- Vídeos relacionados coas letras galegas
- Novas do Concello de Redondela, Dinamización Linguística (con avisos, tipo wassap, no terminal para estar ao día da nosa lingua)
- Apartado de contacto e de autoría con posibilidade de enviar arquivos multimedia (audios, vídeos, fotos sobre os traballlos realizados nos centros educativos)
- Aqueloutros que o Concello de Redondela considere relevantes introducir.

[2] Poderase descargar gratuitamente dende Google Play.

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

3. ANATOMÍA DO PROXECTO



Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

4. PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

4.1 Cartel 1

X. Filgueira Valverde naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906 na Praza do Peirao. Era fillo de Araceli Valverde Yaquero e, do médico, X. Filgueira Valverde Filgueira Martínez.

(VER MATERIAL ANEXO)

AGORA TÍ

Imos preparar unha excursión para coñecer a súa cidade natal!

NIVEL I: XOGRARES

- Localizamos a cidade de Pontevedra no mapa de Galicia:
  - Mapas de capitais de Galicia: http://goo.gl/cfmhIH
- Investigamos que medios de transporte son os que podemos empregar para chegar a Pontevedra e consensuamos cal é o máis idóneo.
  - Web de Renfe: http://www.renfe.com/
  - Web de Autobuses: http://www.monbus.es/es

NIVEL II: SEGREIS

- Localizamos nun plano da cidade de Pontevedra a **"Praza do Peirao"**, lugar onde estaba sita a casa dos seus pais e na que viviu ao longo da súa infancia.
- Investigamos e trazamos o itinerario que nos leve dende a Estación de Ferrocarril ata a Praza do Peirao na que naceu X. Filgueira Valverde.
  - Neste enlace temos planos e rueiros da cidade: http://www.pontevedra.eu/movete/planos-de-pontevedra/plano-cidade

NIVEL III: TROBADORES

- Investigamos a cerca dos lugares de interese cos que conta a cidade de Pontevedra: edificios históricos, espazos verdes… e os situamos nun plano da cidade.
  - Neste enlace temos planos e rueiros da cidade: http://www.pontevedra.eu/movete/planos-de-pontevedra/plano-cidade
- Comparamos un plano da cidade de Pontevedra na época na que naceu o homenaxeado (comezo do século XX) con outro da cidade na actualidade. Analizamos as diferenzas e sacamos conclusións.
  - Plano antigo da cidade de Pontevedra: http://www.mimolibros.com/db_images/26283.jpg

+INFORMACIÓN

- Prepara un itinerario: http://www.viamichelin.es/
- Mapas en aberto: http://www.openstreetmap.es/
- Creación mapas Orientación: http://www.esri.es/es/productos/arcgis/arcgis-for-desktop/
- Roteiro Literario de Castelao en Pontevedra: http://www.culturagalega.org/roteiros/paxinadetalle.php?id=8&cod_rtro=16

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

4.2 Cartel 2

X. Filgueira Valverde foi un alumno brillante, acadando diferentes titulacións universitarias. Estudiou en Pontevedra, Santiago e Zaragoza as carreiras de Dereito, Filosofía e Letras, e Psicoloxía, aínda que, pola súa conta, seguiu estudando sobre outros temas porque lle interesaba de todo.

(VER MATERIAL ANEXO)

AGORA TÍ

Apetéceche adiantar uns anos nas nosas vida? Por uns minutos, somos xa estudantes universitarios!

NIVEL I: XOGRARES

- Observamos fotografías de distintos edificios emblemáticos da Universidade de Santiago de Compostela, unha das universidades nas que estudou X. Filgueira Valverde. Fixámonos tamén na súa actividade académica e facemos unha posta en común coas ideas e coñecementos a cerca desta institución educativa.
  - Web Univ. Santiago de Compostela: http://www.usc.es/
  - Edificios Históricos da USC: http://www.callejeandoporelplaneta.com/universidad-santiago-de-compostela/
  - Cidade Univesitaria USC: http://www.santiagoturismo.com/santiago-tematico/estudar-en-santiago
- Agora que xa coñecemos máis a Universidade, cubrimos o noso carne universitario que nos identifica como alumnas e alumnos.

Descarga e imprime o noso carne universitario para cubrilo (ANEXOS)

NIVEL II: SEGREIS

- A tuna é unha tradición vencellada a vida universitaria. Indagamos un pouquiño máis a cerca desta e recollemos o aprendido.
  - Tunas Universitarias: http://es.wikipedia.org/wiki/Tuna
  - Tuna USC: http://www.latunadesantiago.com/
  - Tuna Univ. Zaragoza: http://tunadeingenieros.com/
  - Actuación tuna: https://www.youtube.com/watch?v=iaVAmv1J1Xo
- Agora, cubrimos unha instancia de solicitude de ingreso nunha tuna universitario. Pensa ben por que instrumento te decantas!

Descarga e imprime a nosa instancia para matricularte na universidade (ANEXOS)

NIVEL III: TROBADORES

- Achegámonos á institución universitaria localizando as cidades galegas que contan con Campus Universitarios e o plasmamos nun mapa da nosa Comunidade Autónoma. Logo investigamos e descubrimos a ampla oferta formativa que ofrecen.
  - Univ. Galegas: http://www.tierragallega.com/universidades_gallegas.htm
- Decidimos os estudos universitarios que máis nos atraen e cubrimos unha instancia de matrícula na mesma.

Descarga e imprime a nosa instancia para matricularte na universidade (ANEXOS)

+INFORMACIÓN

- Portal de universidades Españolas: http://www.universia.es/
- Engadelle audio a unha fotografía Footable: http://www.fotobabble.com/
- Equipamento cultural en Galicia: http://mapas.consellodacultura.org/

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

4.3 Cartel 3

X. Filgueira Valverde foi profesor de instituto dende moi novo (1928), na especialidade de Literatura, e exerceu en Barcelona, Melilla, Lugo e Pontevedra, onde acabou como director do Instituto Sánchez Cantón.

(VER MATERIAL ANEXO)

AGORA TÍ

Xa ves que a de mestre é unha profesión moi antiga. Así que imos investigar como evolucionaron ao longo destas últimas décadas distintos oficios e profesións.

NIVEL I: XOGRARES

- Ti tamén queres ser mestre cando sexas maior ou decántaste por outra profesión? Buscamos información a cerca dos oficios tradicionais da nosa terra e que se están extinguindo. Neste enlace tedes información ao respecto:
  - Escolma de oficios tradicionais: http://abibliotecadefillos.blogaliza.org/category/oficios-tradicionais-galegos/
  - Vellos oficios: http://www.galiciaparaelmundo.com/blog/?page_id=53&video_id=3363
- Logo de coñecer a variedade de profesións e oficios tradicionais, escollemos o que máis nos guste, poñemos en común o noso parecer e facemos un reconto dos que nos resultan máis interesantes. Elaboramos unha pequena gráfica que recolla estes datos.

NIVEL II: SEGREIS

- Coñeces que outras profesións eran habituais na Galicia de hai un século? Moitas delas están a piques de perderse. Bótalles un ollo neste enlace:
  - Oficios Tradicionais: http://www.galiciaparaelmundo.com/blog/?page_id=53&video_id=3363
  - Paneis oficios tradicionais CPI Alfonso VII: http://www.edu.xunta.es/centros/cpialfonsovii/taxonomy/term/68
- Recollemos información nas nosas familias a cerca destes oficios: Recordan eles estas profesións?, Coñecían algún?, Como se formaban no oficio?... E que acontecía coas mulleres? Desenvolvían tamén estes traballos? Indagamos na casa sobre o traballo que facían e fan as mulleres das vosas familias: Traballaban as avoas na casa ou fóra dela? E agora as nais? Evidenciamos as conclusións mediante a elaboración dun gráfico.

NIVEL III: TROBADORES

- Saberías dicir o que é o barallete? Algo ten que ver con oficios hoxe en día case desaparecidos, investiga sobre eles nestes enlaces:
  - Escolma de oficios tradicionais: http://abibliotecadefillos.blogaliza.org/category/oficios-tradicionais-galegos/
  - "A última viaxe do afiador": https://www.youtube.com/watch?v=4sHm8404n3U
- Investigamos a que se adicaban os maiores da nosa familia: Hai moito/as gandeiros?, Algún mariñeiros?... Como eran antes as condicións destes traballos?… Podemos recoller as conclusión nunha gráfica que sinale a porcentaxe deles que se adicaban ós distintos sectores.

+INFORMACIÓN

- Buscador de emprego: https://www.infojobs.net/

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

4.4 Cartel 4

No 1938 X. Filgueira Valverde coñeceu en Lugo a María Teresa Iglesias de Oscáriz coa que casou e tivo cinco fillos: Araceli, Xosé Fernando, María Teresa, Pilar e Ánxeles.

(VER MATERIAL ANEXO)

AGORA TÍ

Imos a xogar o quen é quen! Coas pistas que nos dan temos que intentar adiviñar o ano de nacemento de cada un dos cinco fillos que tivo X. Filgueira Valverde (une con frechas):

NIVEL I: XOGRARES

NOMES	ANOS NACEMENTO	PISTAS
Araceli	1939	1. A filla con máis idade é Araceli.
Mª del Pilar	1940	1. Mª Pilar é a penúltima das fillas.
Angelines	1942	2. O rapaz foi o segundo en nacer.
Xosé Fernando	1944	3. María Teresa non naceu despois de Mª Pilar.
Mª Teresa	1947	

Intentamos facer a nosa arbore xenealóxica onde quede recollida a familia de cada un de nós con esta ferramenta:

- **Descarga e imprime a nosa árobre xenealóxica (ANEXOS)**

NIVEL II: SEGREIS

NOMES	ANOS NACEMENTO	PISTAS
Araceli	1939	1. Angelines naceu nun ano impar.
Mª del Pilar	1940	2. A suma dos díxitos do ano no que naceu Mª Teresa é 16.
Angelines	1942	1. Xosé Francisco viu ao mundo despois de Araceli.
Xosé Fernando	1944	2. Mª Pilar naceu antes que Angelines pero despois de Mª Teresa.
Mª Teresa	1947	3. Mª Pilar non é a primoxénita.
		4. O ano de nacemento de Araceli ten 3 decenas.

- **Cun procesador de textos (Word, Openoffice, Scribus...) con táboas, insertando imaxes e textos.**

NIVEL III: TROBADORES

NOMES	ANOS NACEMENTO	PISTAS
Araceli	1939	1. Un ano antes de nacer Mª Teresa, X. Filgueira Valverde, publica o **poemario** que leva por título: **"6 cancións in modo antico"** e que o adscribe como poeta ao **neotrovadorismo.**
Mª del Pilar	1940	1. O homenaxeado adicou a vida ó maxisterio. No ano no que se traslada ao **Instituto de Pontevedra** nace a súa filla Araceli. Alí exercerá a **Cátedra de Lingua e Literatura española** así como función de director ata o ano da súa xubilación.
Angelines	1942	2. Logo da súa tese doutoral na que estuda a fondo a narrativa medieval, X. Filgueira Valverde segue a afondar na temática e publica o **ensaio: "Formas paródicas en la lírica medieval gallega"**. Nese mesmo ano nace Angelines.
Xosé Fernando	1944	3. Cando X. Filgueira Valverde se xubila, Xosé Fernando ten os mesmos anos que tiña o seu pai cando o nomean membro numerario da **Real Academia Galega.**
Mª Teresa	1947	4. Mª Pilar nace o ano no que se funda o **Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos**. A institución, dirixida por X. Filgueira Valverde durante 10 anos, é unha das máis relevantes no que a investigación da cultura e do patrimonio galego se refire.

- **http://www.myheritage.es/**

+INFORMACIÓN

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

- Buscador xenealóxico: http://www.ancestry.com/

4.5 Cartel 5

A vida política de X. Filgueira Valverde foi moi activa e diversa; empezou no Partido Galeguista con compañeiros coma Castelao e Bóveda, seguiu en Dereita Galeguista, ocupou diversos cargos públicos no franquismo, foi alcalde de Pontevedra entre 1959 e 1968 e, posteriormente, chegou a ser Conselleiro de Cultura no primeiro goberno autonómico da democracia (1982).

(VER MATERIAL ANEXO)

AGORA TÍ

Sabemos que X. Filgueira Valverde exerceu diferentes cargos políticos: alcalde da cidade de Pontevedra e Conselleiro de Cultura de Galicia. Agora toca afondar un pouquiño máis a cerca destes contidos. Anímaste?

NIVEL I: XOGRARES

- Investigamos e contestamos ás seguintes preguntas:
  - Que é una votación? Como se fai unha votación?

Que se elixe habitualmente mediante una votación? Que son as eleccións políticas?

Organizamos unha votación na clase mediante a que resolvamos este suposto coa participación de todos nós:

" Co gallo da celebración no centro da Semana das Letras Galegas imos pechar dita semana cunha saída de tipo cultural. As opción son diversas: asistir a un recital poético na nosa lingua, a un concerto de música tradicional galega ou a unha exposición fotográfica que recolle imaxes antigas da nosa vila. Na nosa clase cada un de nós ten a súa preferencia e parece pouco doado decidir unha delas. Como podemos resolvelo?"

NIVEL II: SEGREIS

- Investigamos e contestamos ás seguintes preguntas:
  - Como se escolle actualmente a un alcalde? Quen é o alcalde ou alcaldesa da túa vila ou cidade?
  - Cales son as función dun alcalde? Cada canto tempo son as eleccións nos concellos?
  - Cando son as próximas eleccións?
  - Que é una campaña preelectoral e en que consiste?
- Organizamos en grupos unha campaña preelectoral na que se den a coñecer as distintas alternativas que opten a ser elixidos como "Delegado Cultural" da clase. Teremos en conta levar a cabo todo o que é preciso: elaborar as listas do grupo e consensuar un candidato, deseñar un programa no que se recolla as liñas de traballo do grupo co que dinamizar a vida cultural da clase , preparar a cartelería que os publicite, etc.
- Logo da campaña podemos levar a cabo a votación. E xa pode estar ben preparado o grupo electo pois a súa labor será intensa: organizar certames e concursos, propoñer posibles representacións coa que participar a clase no festival de final de curso, velar polo uso correcto e limpo do noso idioma, etc.

NIVEL III: TROBADORES

- Investigamos e contestamos ás seguintes preguntas:
  - Que é o Estatuto de Autonomía?
  - Cando foron as primeiras eleccións autonómicas?
  - Quen é na actualidade o Presidente da nosa comunidade? Como se elixiu?
  - Cal é o cometido dun conselleiro e como se escollen?
  - É a mesma figura a de concelleiro que conselleiro? E un pleno e un Consello de Ministros?
- Imos a por en marcha un pleno dun concello ficticio. Empezaremos por establecer ós diferentes grupos políticos, nomear ó alcalde e redactar a orde do día definindo a grandes rasgos as posturas dos distintos grupos ante estos aspectos. Logo xa estamos listos para preparar os nosos discursos e iniciar un debate do máis interesante.
  - Xunta de Galicia: http://www.xunta.es/portada

+INFORMACIÓN

- Votacións Escolares: http://www.educolibre.co/votaciones

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

4.6 Cartel 6

Ao longo da súa vida, X. Filgueira Valverde participou de forma decidida na creación de numerosas institucións moi significativas na vida cultural galega aínda de hoxe en día, sendo catro as máis salientables: a creación do Museo Provincial de Pontevedra (19274), a cofundación do Seminario de Estudos Galegos (1923), o Instituto Pai Sarmiento de Estudios Galegos (1944) e o Consello da Cultura Galega (1983).

(VER MATERIAL ANEXO)

AGORA TÍ

X. Filgueira Valverde foi un apaixoado investigador da cultura galega e a súa labor en defensa da nosa riqueza e patrimonio cultural merece un recoñecemento especial. Nós podemos tamén seguir a súa liña de traballo. Mans á obra e iniciamos a nosa labor periodística!

NIVEL I: XOGRARES

- Dende o **Consello da Cultura Galega** lévase a cabo un interesante traballo en defensa dos valores culturais do pobo galego. É interesante que nos deteñamos en observar o seu logotipo actual, a súa imaxen corporativa, e iniciar logo unha posta en común: que se representa nel?, un animal ou un ser máxico?, recoñeces o escudo que se aprecia?... cal é a relación con nós, coa nos aterra e a nosa riqueza? Logo será o momento de facer os nosos propios deseños. En parellas ou pequenos grupos imos a crear **o logotipo das nosas pegatinas**. Terémolo que pensar ben pois a nosa creación deberá identificarse coa idiosincrasia da nosa terra e a súa cultura propia.
  - Web do consello da cultura Galega: http://consellodacultura.gal/index.php
  - Información sobre o escudo de Galicia: http://es.wikipedia.org/wiki/Galicia#Escudo

NIVEL II: SEGREIS

- Logo de visitar a páxina web do museo de Pontevedra e observar todo o que podemos atoparnos nel, poñémonos a deseñar un **cartel** para anuncialo e publicitalo. Visitalo pode ser moi boa opción para pasar unha boa tarde en familia, co colexio, … Co noso anuncio tentaremos conseguir achegalo á xente e que se interesen nel.

O cartel podémolo facer individualmente, por parellas ou pequenos grupos. Lembraremos incluír a información máis relevante: fotografías da ubicación, horario de apertura, prezos, exposicións que alberga…

  - Web do Museo de Pontevedra: http://www.museo.depo.es/

NIVEL III: TROBADORES

- O **Instituto de Estudos Galegos Pai Sarmiento**, leva dende o ano 1947 traballando a prol da promoción e dinamización da nosa cultura. Se accedemos a súa páxina podemos coñecer as súas distintas liñas de traballo e intentaremos, logo, facer un **tríptico informativo** no que se recollan estes aspectos e co que facer á cidadanía coñecedora

Podémonos xuntar en parellas ou pequenos grupos para facer este tríptico. Unha pista que nos pode axudar é agrupar os contidos que queramos recoller nos seguintes bloques: Investigación, Publicacións e Actividades.

  - Web do Instituto de Estudos Galegos: http://www.iegps.csic.es/

+INFORMACIÓN

- Editor de Imaxes: http://portableapps.com/apps/graphics_pictures/gimp_portable
- Editor ofimático: http://es.libreoffice.org/home/
- Debuxo: http://www.onemotion.com/flash/sketch-paint/

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com



4.7 Cartel 7

X. Filgueira Valverde foi autor dunha extensa lista de obras científicas que, maioritariamente, teñen a Galicia como protagonista e abranguen todos os campos do saber: literatura, historia, arqueoloxía, arte, antropoloxía, etnografía, … En total, é autor de 2.136 publicacións e 4.433 intervencións en cursos e conferencias. Moitos destes artigos están recollidos nos nove tomos de "Adral".

(VER MATERIAL ANEXO)

AGORA TÍ

Literatura, Historia, Arqueoloxía, Arte, Antropoloxía, Etnografía… foron algún dos campos nos que X. Filgueira Valverde desenvolveu os seus traballos de investigación. Mais Xosé Fernando onde se atopa máis interesado é no eido da literatura medieval galega. Entorno a elo elaborou a súa tese doutoral e adicou numerosos ensaios con posterioridade. Imos logo a achegarnos a este mundo que tan prendado tivo ao homenaxeado.

NIVEL I: XOGRARES

INVESTIGO

A Idade Media.Os xograres: quen foi Mendiño?

- Idade Media: http://www.slideshare.net/mariadoloresaguado/la-edad-media-11872277
- Cabaleiros e Castelos: http://nea.educastur.princast.es/caballeros/principal.swf
- Xograres: http://gl.wikipedia.org/wiki/Xograr
- Mendiño: http://es.wikipedia.org/wiki/Meendi%C3%B1o
- Xograres http://es.slideshare.net/andermoya5/os-xograres-e-menestris

LEO

(Tradución ao galego)

Estaba eu na ermida de San Simón
e cercáronme as ondas, que grandes son:

¡eu esperando o meu amigo,
eu esperando o meu amigo!

Estando na ermida ante o altar,
e cercáronme as ondas grandes do mar;

¡eu esperando o meu amigo,
eu esperando o meu amigo!

ESCOITO

- https://www.youtube.com/watch?v=8ZuX-al99SA



NIVEL II: SEGREIS

INVESTIGO

A Idade Media; O idioma galego portugués; Os segreis: quen foi Pero da Ponte?

- Idade Media ABALAR: http://goo.gl/ysYCs6
- Idade Media: https://repositorio.educa.jccm.es/portal/odes/conocimiento_del_medio/cuaderno_5pcon_laedadmedia/
- O Galego-Portugués

LEO

Viches, nai ó escudeiro
que me ía levar consigo?

Mentinlle e foise anoxado;
miña nai: ben volo digo.

Nai: namorada deixoume,
nai, namorada fun deixada…

ESCOITO

- http://sondepoetas.blogspot.com.es/2009/05/se-eu-podesse-desamar-pero-da-ponte.html

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

http://es.wikipedia.org/wiki/Idioma_galaicoportugu%C3%A9s

Pero da Ponte

- http://es.wikipedia.org/wiki/Pero_da_Ponte

NIVEL III: TROBADORES

INVESTIGO:

A Idade Media; O idioma galego-portugués; A lírica medieval; As cantigas: de amor, de amigo e de escarnio e maldicir; ; Os trobadores: quen foi Martín Codax?

- Idade Media ABALAR: http://goo.gl/ysYCs6
- Lírica Medieval http://www.slideshare.net/trafegandoronseis/a-lrica-medieval
- Cantigas http://goo.gl/zxPGCK
- Martin Codax http://gl.wikipedia.org/wiki/Mart%C3%ADn_Codax

LEO

(Tradución ao galego)

Miña irmá fermosa, vinde comigo
á igrexa de Vigo onde é o mar enchido
e miraremos as ondas.

Miña irmá fermosa, vinde de grado
á igrexa de Vigo onde é o mar alzado
e miraremos as ondas.

Á igrexa de Vigo onde é o mar enchido
e virá alí a nai e meu amigo
e miraremos as ondas.

Á igrexa de Vigo onde é o mar alzado
e virá alí a nai e meu amado
e miraremos as ondas.

ESCOITO

- https://www.youtube.com/watch?v=Q_1EDSpz-fE



+INFORMACIÓN

- Idade Media para nenos/as: https://www.youtube.com/watch?v=SgfcTtqmiKI

4.8 Cartel 8.1

Como autor literario tocou todos os estilos: A narrativa con “Os nenos “, “Quintana Viva”, “O Vigaio”… O teatro con “Agromar”… A poesía con “6 Cancións de mar in modo antico”… O ensaio con “Historias de Compostela”… a si ata máis de 300!

(VER MATERIAL ANEXO)

AGORA TÍ

Ímonos achegar a una das súas obras máis representativas e coñecidas: AVOA CLARA.

NIVEL I: XOGRARES

- Lemos entre todos e coa axuda do mestre ou mestra, o conto **AVOA CLARA** no que o narrador describe a súa avoa. Logo, intentamos debuxala. Podemos empregar distintos formatos de soportes e materiais. Podemos completar esta actividade facendo unha descrición similar dunha das nosas propias avoas e debuxala.

NIVEL II: SEGREIS

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

- Lemos en voz alta entre todos o conto **O ALCUMANTE** e xogar a poñerlle alcumes aos compañeiros (sempre respectuosos e baseados nas súas peculiaridades). Logo, preguntamos na casa e no entorno polos alcumes da familia e dos veciños. Completamos a actividade coa lectura do conto **O NOME VERDADEIRO**, a partir del xogamos coa lingua e coa formación dos diminutivos que se poñen nas familias: partindo dos nomes reais inventamos outros novos.

NIVEL III: TROBADORES

- Entre todos e en voz alta, lemos o conto **O POMAR** e traballamos arredor das arbores froiteiras autóctonas: nogueira, figueira, cerdeira, maceira, ameixeira, pexegueiro, ... Será preciso tamén coñecer os seus respectivos froitos . Poderemos rematar debuxándoas xunto as follas e os froitos (ou recollendo algunha mostra) para facer unha exposición.

E como nas árbores viven os paxaros imos completar a actividade co conto **O PASPALLAS** e coñecer este paxaro. Logo buscamos o nome galego de outros paxaros que aparezan no conto ou non (malvís, carrizo, sirin, merlo, cotovía…), os identificamos e debuxamos (ou conseguimos fotografías) para engadir a nosa exposición.

+INFORMACIÓN

- Filgueira Valverde, Xosé (1990). Quintana Viva. Galaxia

4.9 Cartel 8.2

Como autor literario tocou todos os estilos: A narrativa con “Os nenos “, “Quintana Viva”, “O Vigaio”… O teatro con “Agromar”… A poesía con “6 cancións de mar in modo antico”… O ensaio con “Historias de Compostela”… a si ata máis de 300!

(VER MATERIAL ANEXO)

AGORA TÍ

Ímonos achegar a una das súas obras máis representativas e coñecidas: “ 6 Cantigas in modo antico”. Nela se recolle una escolma de poemas dentro do estilo do neotrobadorismo. Imos logo a apreciar a súa gran beleza!

NIVEL I: XOGRARES

- Escollemos un dos seis poemas da obra “6 Cancións in modo antico”, escoitamos como o recita o mestre ou a mestra. Deixamos voar a imaxinación e recreamos cada un de nós nun debuxo o que o poema nos transmitiu. Podemos empregar una morea de materiais e soportes diferentes pois canta máis liberdade para escolla, moito mellor! Logo de remátalo pensamos un bo título e os xuntamos todos nunha exposición.

NIVEL II: SEGREIS

- Escollemos un dos seis poemas da obra “6 Cancións in modo antico”, e facemos una lectura lenta e pausada do mesmo. Léelo una segunda vez pode ser moi boa idea para poder pensar e reflexionar sobre él: que nos transmite?... que nos fai sentir? a onde nos transporta?... Logo comezaremos a procura dunha imaxe que recolla estas sensacións: buscade na rede, en álbums, revistas de viaxes… creade a vosa fotografía se non atopades a que vos convenza. Por último, poñémoslles título e as recollemos todas nun mural conxunto.

NIVEL III: TROBADORES

- Divididos en grupos, escollemos un dos seis poemas da obra “6 Cancións in modo antico”. Facemos unha lectura conxunta do mesmo entre todos os membros do grupo. Logo é hora de buscar semellanzas coas cantigas medievais e reflexionar a cerca dos trazos común que comparten. Logo preparamos unha exposición onde recollamos as conclusións recollidas. Os recursos que podemos empregar son moi variados: presentacións informáticas, vídeos, cortos, representacións ou dramatizacións, etc. Poñémonos x aman á obra!

+INFORMACIÓN

- Instrumentos musicais en Galicia: http://www.consellodacultura.org/asg/instrumentos/presentacion/

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

4.10 Cartel 9

No transcurso da súa vida, X. Filgueira Valverde, froito do moito que traballou, foi distinguido con numerosos premios e recoñecementos, condecoracións e distincións; membro numerario da Real Academia Galega, da Real Academia de Historia, da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, da Real Academia Galega de Belas Artes, … as Medallas de Ouro das cidades de Pontevedra e Santiago de Compostela, Medalla Castelao,… Premios Otero Pedrayo, Fernández-Latorre, Trasalba… Doutor Honoris Causa polas Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, etc. **(VER MATERIAL ANEXO)**

AGORA TÍ

X. Filgueira Valverde recibiu numerosos premios e condecoracións ao longo da súa vida como recoñecemento ao seu constante e intento traballo a prol da cultura galega. Así que imos agora investigar un pouquiño máis ao respecto!

NIVEL I: XOGRARES

- X. Filgueira Valverde recibiu a **Medalla de Ouro da Cidade de Pontevedra** e tamén a Medalla de Ouro da provincia de Pontevedra. Ademais, o homenaxeado é **Fillo Predilecto da Cidade de Pontevedra**, cidade que tamén gobernou.

- Investigamos un pouquiño máis para coñecer a quen se lle outorgan estes recoñecementos, cales son os requisitos… e buscamos personaxes ilustres e de relevancia na nosa localidade (tal vez aquel/a que dá nome ao noso centro, a algunha das rúas ou edificios públicos da vila, etc).
  - Fillos Predilectos: http://es.wikipedia.org/wiki/Hijo_Predilecto
  - Nomeamento de X.F.V. Fillo predilecto Pontevedra: http://www.canalriasbaixas.com/index.php/barbanza-noia/item/6614-

- Consensuamos entre todos un personaxe que fose de importancia e relevancia no nosa clase neste curso. Tratamos de xustificar a decisión definindo ben cal foi a súa labor e as súas aportacións. Logo, poñémonos mans a obra para construír unha medalla, placa ou escultura que sexa representativa deste recoñecemento… e que tal vez, poidamos entregarlle ou facerlla chegar.

NIVEL II: SEGREIS

- X. Filgueira Valverde foi nomeado Doutor Honoris Causa das Universidades de Vigo e de Santiago de Compostela. Investigamos un pouquiño máis a cerca destes premios que outorgan estas institucións educativas: a que llo conceden, o ritual da cerimonia de investidura…
  - Doutor Honoris Causa: http://es.wikipedia.org/wiki/Doctor_honoris_causa
  - Acto investidura X.F.V. na USC : http://goo.gl/2XMbKO
  - Acto investidura X.F.V. na Uvigo: http://www.uvigo.es/uvigo_gl/organizacion/informacion/honoris_causa/doutores.html

- Que vos parece se organizamos a investidura como Doutor Honoris Causa da nosa clase a alguén que tivese aportado a súa sabedoría ao conxunto da clase (algún pai, nai, avó ou avoa que compartise con nós os seus coñecementos ou experiencias, alguén que nos deleitase con algunha representación dramática ou concerto…)? Pois poñámonos mans á obra pois teremos que preparar toda a súa vestimenta académica (birrete, luvas brancas, medalla, anel...)!

NIVEL III: TROBADORES

- X. Filgueira Valverde foi membro da **RAG (Real Academia Galega**) así que imos investigar un pouquiño máis a cerca desta institución, para así coñecer: a súa finalidade, quenes a integran, cal é importancia da mesma, cerimonia de nombramento, anos nos que o homenaxeado formou parte dela, etc.
  - Web RAG: http://www.realacademiagalega.org/
  - Mkembro da RAG: http://goo.gl/Y5lTpD

Cando un novo membro ingresa nunha Real Academia celébrase un acto no que o homenaxeado expón o seu discurso de ingreso. Tamén recibe unha medalla coa que se lle da a benvida e se lle brinda o recoñecemento do resto dos membros. Podemos nós elaborar tamén as nosas propias medallas, empregando materiais do máis diversos: pasta de papel, arxila, cartóns e outros materiais de refugallo….

- Seguramente cada un de nós merecemos a nosa coroa da RAG, así que logo de facelas poderemos intercambialas. Ademais prepararemos cada un de nós un discurso de ingreso.

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

+INFORMACIÓN

- Editor de audio: http://audacity.sourceforge.net/?lang=es

4.11 Cartel 10

X. Filgueira Valverde faleceu en Pontevedra o 13 de setembro de 1996, case aos 90 anos, cando xa se lle coñecía no ámbito intelectual galego co alcume de "O VELLO PROFESOR". **(VER MATERIAL ANEXO)**

AGORA TÍ

Agora que xa coñecemos moito a cerca da vida e das aportacións á Cultura Galega que "O vello Profesor" realizou ao longo da súa longa e produtiva vida e carreira profesional, é tempo de xuntarnos a reflexionar: que sabíamos ao comezar? que aprendimos ao longo do proceso?, que nos chamou máis a atención e nos resultou máis curioso, que queremos seguir a investigar?...

Nova ABC sobre a morte: http://hemeroteca.abc.es/nav/Navigate.exe/hemeroteca/madrid/abc/1996/09/14/068.html

NIVEL I: XOGRARES

- Elaboramos un **collage** que leve por título **"O Vello Profesor"**. Podemos recoller dende fotografías e debuxos, planos de cidades, poemas… todo é válido. Exprimamos ao máximo a nosa imaxinación e creatividade! Compartiremos logo, co resto do centro, a nosa produción.

NIVEL II: SEGREIS

- Elaboramos a cronoloxía ou **liña do tempo** de **"O Vello Profesor"**. Poderemos salientar datas relevantes na vida de X. Filgueira Valverde, tanto a nivel persoal como profesional. Podemos tamén completalo cos fitos máis destacables que aconteceron socialmente neses momentos. Plasmarémolo nun papel continuo para que sexa claro e ben lexible e o poidan, así, consultar os demais compañeiros do centro.

NIVEL III: TROBADORES

- Logo de estudar a figura do homenaxeado das Letras Galegas 2015, é o momento de aunar conclusións e recollelas todas nun **vídeo** que nós mesmos crearemos. Sen dúbida o vídeo **"O Vello Profesor",** será unha produción propias moi profesional polo que estableceremos pases para que poidan visionalo o resto de compañeiros do centro.

Para crear o noso vídeo podemos empregar estes programas:

- Moviemaker: http://windows.microsoft.com/es-es/windows-live/movie-maker
- Kino: http://www.kinodv.org/
- Youtube editor: https://www.youtube.com/editor?hl=es

+INFORMACIÓN

- CGAI Cine en curso: http://www.cineencurso.org/

Rúa do Peirao nº3 36320 Chapela – Redondela
Telf e Fax: 986451049
email: equipodirectivo@ceipdelaredo.com
http://www.ceipdelaredo.com

5. LICENZA CREATIVE COMMONS 3.0

O presente traballo esta desenvolto por material:

- Orixinais creados polo grupo de traballo "PENEDOS".
- Referencias textuais a fontes externas con licenza CC3.0
- Imaxes no encabezado dos anexos derivadas da web: http://consellodacultura.gal/ e http://www.redondela-server.net/

Devanditas referencias son coherentes e consecuentes coa actual lei de propiedade intelectual, Lei 21/2014 do 4 de novembro.

O presente traballo licenciase, baixo as directivas establedidas polo AMTEGA no relacionado aos contidos educativos, baixo Creative Commons 3.0:

- Compartir, distribuír e copiar o material en calquera medio e formato.
- Adaptar, mesturar, transformar e crear a partir do material
- Debe recoñecer a autoría.

BY NC SA